



**Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes ao procedemento para a contratación do servizo de limpeza das edificacións e instalacións do Parlamento de Galicia.** A base décima do prego de cláusulas administrativas establece os criterios, para a valoración das proposicións, referidos a aqueles cuxa cuantificación depende de xuízo de valor. O valor técnico da oferta valorárase ata 45 puntos e respecto del teranse en conta os aspectos relativos a: o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas; a relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automaticamente, facilite e axilice a prestación do servizo; os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación; as melloras sobre os equipos básicos de limpeza en función do beneficio que acheguen á calidade do servizo.

Para os efectos de poder avaliar o conxunto das propostas efectuouse unha puntuación en base aos aspectos sinalados na referida base décima do PCA, do seguinte xeito:

a) *Valor técnico da oferta ata 20 puntos:*

a.1.- *Ata 10 puntos. O plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 3 puntos), medio (de 4 a 6 puntos) e alto (de 7 a 10 puntos).*

a.2.- *Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automaticamente, facilite e axilice a prestación do servizo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).*

a.3.- *Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).*

b) *Melloras ata 25 puntos:*

b.1.- *Ata 5 puntos. Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

- b.2.- Ata 5 puntos. Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).*
- b.3.- Ata 5 puntos. Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).*
- b.4.- Ata 5 puntos: Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).*
- b.5.- Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e para pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).*



## **Valoración das ofertas presentas polas empresas:**

### **1.- Limpiezas Salgado, S.L.**

#### **a.- Valor técnico da oferta ata 20 puntos.**

**a.1.-** Ata 10 puntos. A o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás esixidas:

Presenta unha proposta de plan de implantación das medidas a efectuar moi detallado, minuciosa e específica para cada unha das distintas dependencias do Parlamento. Considérase a proposta de dito plan como de nivel alto, sendo a mellor das presentadas.

Sobre o plan de traballo e organización realiza un estudo de detalle das quendas e horarios dos traballadores, dando cumprimento coas exixencias do prego; expón con precisión unha relación pormenorizada e individualizada por posto das tarefas de cada un dos efectivos, considerándose coma ben distribuída e organizada (indica frecuencias de paso polas distintas dependencias e tempo de servizos diarios empregados). Completa esta funcionalidade cunha prestación superior, aporta unha proposta de persoal de reforzo cun equipo de especialistas, en número de once efectivos, para traballos de máis complexidade ou específicos e que requiran urxencia e/ou emerxencia. En canto a organización detalla ben as necesidades operativas e organizativas en función dos efectivos, para elo, ten en conta aspectos como: distribución de actividades por cada un dos espazos de cada andar; a natureza dos materiais do edificio e actividades que se desenvolven no mesmo, urxencias e disponibilidades exixibles, e os requirimentos do PPT.

Establece con detalle as correspondentes propostas de actuación que cumpren coas frecuencias mínimas establecidas, pero incorporando melloras de frecuencias e intensidades, que define exhaustivamente, andar por andar e local por local (aumenta a frecuencia de limpeza en moquetas, linóleos, pavimentos, estores e mobiliario, en zonas como presidencia, rexistro, servizos económicos, etc.). Efectúa unha proposta detallada de aquelas actuacións para as que se reducen as frecuencias de execución (entre elas, dúas limpeza diarias en aseos; sobre a limpeza semanal prevista no PPT oferta unha frecuencia diaria das mesmas; paso do cambio dos bacteriostáticos de mensual a quincenal; intervención do garaxe prevista no PPT de trimestral a mensual, etc.).

Detalla de modo completo a metodoloxía a seguir para limpeza e mantemento dos pavimentos, con definición de medios e produtos para cada tipo de superficie. Para superficie acristaladas, especifica o uso do que denominan sistema HYDROPOWER DI48x (pértega de auga por osmose). Detalla o modo no que limparán e manterán todo os lucernarios de cuberta por



ambas caras, incluíndo a vidreira "Laxeiro"; para madeiras detalla o tipo de produto e modo de aplicación, de igual maneira para pel, coiro e semellantes, así como para metais e superficies deste tipo. Detalla o modo de limpeza para as lamas dos corredores planta segunda, e o modo de facelo co tipo de plataforma a empregar (escaleira articulada). Relaciona tamén a metodoloxía para limpeza de bandeiras, estores, cortinas, lamas, etc. Achega un plan de DDD moi preciso, describe os procedementos de actuacións e presenta libros de rexistro de actividades; plan subcontratado coa empresa ARUMIA. A proposta metodolóxica considerase moi boa, cun nivel alto, sendo a máis detallada presentada.

Establece unha sistemática boa de control, supervisión e execución mediante o uso dun programa específico que denominan "mobilidade e xestión empresarial" co obxectivo de optimizar procedementos de cara a unha mellora na execución do contrato. Establece protocolos de aforro enerxético que deberá desenvolver o persoal destinado a execución deste servizo contemplando, entre outras, as seguintes accións: optimización coa luz natural o desempeño das tarefas minimizando o uso de luz artificial; control dos tempos de ventilación locais para evitar perdas de calor; revisión e control periódico de billas e cisternas; separación selectiva de residuos (plan de control de residuos); dotación de aparellos de limpeza de baixo consumo (aspecto a valorar no apartado de ferramentas). Neste sentido a proposta é boa.

Dentro do subapartado de metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias detalla aspectos como a capacidade de resposta a calquera eventualidade (cunha frecuencia de resposta que non superará de 15 minutos no caso de precisar recursos exteriores); Outra é dispoñer dun equipo de fichaxes e saídas para garantir un mellor control e supervisión na execución da prestación. Coma funcionalidade superior oferta unha bolsa de 500 horas para o desenvolvemento e execución de tarefas extraordinarias non previstas. Inclúe un anexo de libro de mantemento.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como a mellor das presentadas; proposta polo tanto moi boa, atribuíndolle unha puntuación de **10 puntos**.

**a.2.-** Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automatice, facilite e axilice a prestación do servizo:

Presenta unha descrición e relación de medios materiais moi boa (incluíndo anexo completo de fabricantes e produtos certificados). A relación de produtos correspóndese con marcas orixinais e non inclúe marcas brancas, incluíndo relación de produtos de limpeza ecolóxicos. Axunta declaración xurada dos equipos de limpeza e maquinaria a empregar. Achega inventario de relación de equipos que porá a disposición do Parlamento de maneira permanente e puntualmente coma reforzo por necesidades da prestación (aspiradores, fregadoras, auga a presión, limpatapicerías, plataforma e estada para limpeza de lucernarios, etc). Todos estes equipos considéranse axeitados e con potencias suficiente para o bo



desempeño da prestación. Con relación aos útiles de limpeza, útiles, celulosas (carros, panos, baetas, equipos bacteriostáticos, contedores hixiénicos,) a proposta é moi detallada e axeitados para o bo desempeño da prestación.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como das mellores presentadas; proposta polo tanto moi boa, atribuíndolle unha puntuación de **5 puntos**.

**a.3.-** Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación:

Inclúe un plan de formación de 11 cursos, especificando contido, data de execución e número de horas (370 horas en total). Presenta un sistema de control, mediante o uso dun sistema electrónico específico que denominan “solución global de control presencial”, que inclúe os procedementos de control, supervisión de presenza e horas efectuadas. Presenta ademais un manual de procedemento operativo para distintas áreas ( rexistro control wc, partes de traballo, control e supervisión rexistros de residuos). Propón realizar un Plan de Avaliación de riscos laborais específico co establecemento de medidas preventivas.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como das mellores presentadas; proposta polo tanto moi boa, atribuíndolle unha puntuación de **5 puntos**.

**b.- Melloras ata 25 puntos:**

**b.1.-** Ata 5 puntos. Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: propón unha fregadora industrial de condutor sentado, modelo TENNANT T7, para limpeza do pavimento do aparcamento subterráneo. En canto equipamento non supón unha mellora sobre o recollido no apartado.3.4, equipos e medios auxiliares, do PPT; agás na anchura de fregado que aumenta en 33cm o mínimo exixido, na disposición que será permanente e no uso que será mensual, a proposta mellora o PPT. (1,5 puntos).

Incorpora o uso dunha barredora, marca TENNANT 52EH, que supón unha mellora sobre o PPT, sen especificar tempo a súa disposición. (1 punto).

Valórase a proposta como media; atribuíndolle unha puntuación de **2,5 puntos**.



**b.2.-** Ata 5 puntos. Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Oferta unha plataforma de limpeza exterior, de elevación articulada, ata 25 metros de altura. Andamos torre de aluminio SPAN. Ofrece tamén unha plataforma unipersoal modelo UK2. Ofertas segundo as necesidades. (2 puntos).

Dúas máquinas de auga a presión, modelos NILFISK GERNI 118P e EVOLUTION X3 IPC para fachadas. (2 puntos).

Escada telescópica tipo WAKU de ata 7 metros de altura acompañada dunha manguera de 50 metros. (1 punto).

Valórase a proposta como moi boa; atribuíndolle unha puntuación de **5 puntos**.

**b.3.-** Ata 5 puntos. Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Oferta unha aspiradora modelo NILFISK GD 930 HEPA a maiores das recollidas no prego (figuran 7) de 1000 w potencia e 53 decibelios. Dúas aspiradoras batedoras modelos NILFISK VU-500\_15 de 36,7 cm, no PPT recóllese de 29 cm. Propón dúas aspiradoras de po modelo NILFISK GD 10 BACK, e dúas a maiores, modelos COMAC CA-80 e NILFISK MAXXI II 75, sobre o prego, de po e auga con capacidade de 80/75 litros. (4 puntos).

Propón un limpatapicerías CARPET CLEANER PRO 45, para téxtiles en seco. (1 punto).

Valórase a proposta como moi boa; atribuíndolle unha puntuación de **5 puntos**.

**b.4.-** Ata 5 puntos: Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Oferta dúas máquinas fregadoras industriais, modelos FIMAP IMX B/Bt e GENIE XS, para superficies grandes e pequena, superando nunha a que figura nas exixencias dos pregos; en función de necesidades. (1 punto).

Unha rotativa abrillantadora modelo NUMATIC NR-1500 para fregado, abrillatado e pulido; en función de necesidades. (1 punto).

Un aspirador de auga e po modelo NILFISK MAXXI II 75 para pavimentos en caso de derrames, inundacións; en función de necesidades. (1 punto).



Un extractor/inxector para moquetas e alfombras modelo VIPPER CAR275; en función de necesidades. (1 punto).

Valórase a proposta como boa; atribuíndolle unha puntuación de **4 puntos**.

**b.5.-** Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e para pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: A oferta presenta unha mellora sobre o recollido no PPT, aportando unha lavadora/secadora, que supón unha lavadora/secadora a maiores do recollido no PPT (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

## **2.- Mantelnor, servicios especializados.**

### **a.- Valor técnico da oferta ata 20 puntos.**

**a.1.-** Ata 10 puntos. A o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás esixidas:

Presenta unha proposta de plan de implantación de carácter xenérico, sen entrar no detalle para cada unha das dependencias ou equipamentos do edificio. A proposta de implantación e organización recóllese nun cadro no que se relacionan as distintas actuacións (ver apartado que denominan D) TAREFAS DE LIMPEZA, da súa memoria. Presentan unha relación de frecuencias básica acorde coas esixencias mínimas do PPT. Así como unha relación de 8 intervencións que consideran coma limpeza especiais, pero da relación detallada non se aprecia que se distingan das esixencias xerais recollidas no PPT. Para o salón plenario detallan xenericamente un tratamento específico de limpeza pero sen ofrecer un detalle pormenorizado das actuacións a efectuar.

Neste sentido a proposta de implantación adecúase as necesidades básicas relacionadas no prego de prescricións técnicas, aínda que non aportan un detalle suficiente das mesmas, cunha valoración baixa da súa proposta, sendo inferior a varias das propostas presentadas. Desenvolve un plan estándar de xestión medio ambiental.

Sobre a organización do servizo presenta, no seu apartado 1.3.1, unha descrición sinxela de análise inicial da carga do traballo vinculado a unha breve descrición de rendementos de



limpeza en función das zonas. Neste sentido a proposta pode considerarse básica, con cadro de quendas e horarios dos traballadores, sen detallar as tarefas de cada un dos efectivos.

Ao respecto da metodoloxía (apartado 1.2.1) detállanse de modo básico, mediante un cadro sintetizado, as actuacións de limpeza para cada unha das superficies, describindo o tipo de equipo recomendado e produtos a empregar.

Indica que o DDD realizarase por unha empresa subcontratada sen aportar ningún detalle máis. Ó igual que bacteriostáticos.

A proposta de protocolo de aforro enerxético é escasa e elemental.

Dentro do subapartado de metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias a proposta que se efectúa centrase nos tempos de resposta fronte eventualidades, que será de 30 minutos, dispor dun equipo de fichaxes. Neste sentido a proposta é inferior a outras presentadas.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media e inferior a das mellores propostas presentadas; atribuíndolle unha puntuación de **4 puntos**.

**a.2.-** Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automaticamente, facilite e axilice a prestación do servizo:

Presenta unha descrición e relación de medios materiais que se axusta aos pregos, pero sen incluír unha caixa de ferramentas. Axunta unha declaración xurada sobre maquinaria útiles e produtos a empregar que consiste nun listado de maquinaria cunha descrición das marcas e modelos, pero con escasa información sobre as características de algún dos equipos sen fichas técnicas e de seguridade; sobre a relación de útiles de limpeza, útiles, celulosas (carros, panos, baetas, equipos bacteriostáticos, contedores hixiénicos,) a proposta é detallada e aceptable para o desempeño do servizo. En relación os produtos a empregar acredita que terán a etiqueta ECO, acompaña unha mínima relación dos mesmos (inclúe marca e descrición do produto, pero sen definición de calidade adecuada, agás dos utilizados nos aseos). Achega inventario de relación de equipos que porá a disposición do Parlamento de maneira permanente ( inferior a outras propostas presentadas). Todos estes equipos considéranse válidos e con potencias suficientes para o desempeño da prestación.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media e inferior a das mellores propostas presentadas, atribuíndolle unha puntuación de **3 puntos**.





**a.3.-** Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación:

Nomea un Plan de Control e supervisión da Calidade que como tal practicamente non desenrola, e do cal apenas se obteñen datos sobre o número e tipoloxía dos controis a realizar. Con respecto á formación a proposta é mala; fala no punto 1.2.2.e no apartado c) Formación, de cursos que logo non referencia. Non presenta Plan de Avaliación de riscos laborais. Presenta e describe un sistema informático de control de presenza, de seguimento da execución do servizo e de avaliación de controis de calidade.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.- Melloras ata 25 puntos.**

**b.1.-** Ata 5 puntos. Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Propón unha fregadora industrial de condutor sentado, sen definir modelo e características, para limpeza do pavimento do aparcamento subterráneo. En canto a equipamento non supón unha mellora sobre o recollido no apartado 3.4, equipos e medios auxiliares, do PPT. En canto a disposición dela, propón que será de uso exclusivo, sen especificar permanencia, non mellora o establecido no PPT (frecuencias trimestrais ou segundo necesidades). Neste sentido a información que proporciona sobre este equipamento é claramente insuficiente, polo que non se valora.

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0 puntos**.

**b.2.-** Ata 5 puntos. Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Oferta unha hidrolimpadora para fachadas, referencia a marca e o modelo, NILFISK POSEIDON T3. (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.3.-** Ata 5 puntos. Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Melloras propostas en beneficio do servizo: Unha aspiradora a maiores das recollidas no prego (figuran 7), modelo NILFISK GD 111 (1 punto). Unha aspiradora a maiores de po/auga modelo COMAC CA80 (1 punto). Unha aspiradora de mochila, modelo TENNANT 3090, para o po (1 punto). Unha máquina de inxección-extracción; modelo TENNANT T5, para limpeza de téxtiles. (1 punto).

Valórase a proposta como boa; atribuíndolle unha puntuación de **4 puntos**.

**b.4.-** Ata 5 puntos. Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: propón unha lavadora/secadora a maiores sobre este apartado. ( 1 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 puntos**.

**b.5.-** Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: A oferta non presenta unha mellora sobre o recollido no PPT. (0 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 puntos**.

### **3.- Eulen.S.A.**

#### **a.- Valor técnico da oferta ata 20 puntos.**

**a.1.-** Ata 10 puntos. A o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás esixidas:

Presenta unha proposta de plan traballo e de implantación das medidas a efectuar, detallado para todas as instalacións do servizo, sen entrar a definir as actuacións por zonas. Aporta un cadro do equipo de limpeza de quendas e horarios dos traballadores cumprindo o establecido no prego sen aportar estudo algún da distribución e frecuencias das tarefas a realizar en



función dos efectivos. Para traballos relativos a limpeza de cristais, lucernarios, fachadas e outras operacións propón aportar recursos de reforzo, cun equipo de operarios en ruta formado por peóns ou especialistas.

Describe ás actividades as frecuencias de limpeza xerais limitándose ao esixido nos pregos.

Describe de xeito xenérico a metodoloxía a seguir para limpeza e mantemento dos pavimentos, aseos mobiliario cristais e outros elementos das instalacións obxecto do servizo, cunha definición escasa de medios e produtos.

Sobre o control, supervisión e execución do contrato, de ser adxudicatarios, porá o servizo unha estrutura técnica de supervisión e nomeará un interlocutor único, denominado “Xestor do Servizo” definindo as accións a desenvolver.

Respecto da estrutura e organización do servizo presenta un diagrama organizativo xenérico da empresa, e outro do equipo de xestión, definindo as súas funcións; a estes diagramas incorpora os medios humanos exixidos no prego para a realización do servizo.

Non achega características sobre como se efectuara as intervencións de DDD. Mínima referencia sobre os residuos.

Presenta sobre os aspectos de aforros enerxéticos unha memoria xenérica de compromisos e posibles accións encamiñadas a reducir emisións de CO<sub>2</sub>, pero sen detallar e cuantificar accións e logros concretos.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado, como de nivel medio, por debaixo doutras propostas, atribuíndolle **5 puntos**.

**a.2.-** Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automaticamente, facilite e axilice a prestación do servizo:

Respecto dos medios materiais: A maquinaria que aporta e a establecida no prego acompañada das fichas técnicas ben detalladas. Sobre os útiles indica que utilizará materiais de primeira calidade sen aportar máis información, sendo neste sentido escasa no tocante ao tipo de gamuzas, balletas, mopas, utensilios de limpeza de cristais, etc. Non inclúe caixa de ferramentas, elemento esixido nos pregos. En canto os produtos estarán certificados coa etiqueta ECO, detalla adecuadamente os nomes dos produtos químicos a empregar así como as súas características; en consumibles de hixiene en aseos os produtos serán de calidade contrastada, relaciona fabricantes e distribuidores e inclúe un anexo de produtos químicos e consumibles con fichas técnicas.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media, atribuíndolle **3 puntos**.



**a.3.-** Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación:

Inclúe un plan de formación de 7 cursos, especificando o contido, datas de execución e número de horas, on line (20) e presenciais (75). Detalla o número de controis do servizo (5) e a tipoloxía dos mesmos. Aporta un sistema informatizado para o control do seguimento do servizo prestado, que denominan “VIVO xestión de servizos” que inclúe procedementos de control: da xestión das tarefas planificadas e da súa calidade, da xestión de incidencias, da supervisión de presenzas e horas efectuadas

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como boa, atribuíndolle **4 puntos**.

**b.- Melloras ata 25 puntos.**

**b.1.-** Ata 5 puntos. Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: propón unha fregadora industrial de condutor sentado, modelo TENNANT T-12 detallando as características, para limpeza do pavimento do aparcamento subterráneo. En canto equipamento non supón unha mellora sobre o recollido no apartado 3.4, equipos e medios auxiliares, do PPT; agás na anchura de fregado que aumenta en 28 cm. En canto a disposición dela, non oferta o seu uso permanente, non mellora o PPT (frecuencia trimestral ou segundo necesidades) (0,5 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0,5 puntos**.

**b.2.-** Ata 5 puntos. Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Elevadores verticais para limpeza de teitos de pouca altura e cristais en patios interiores (1 punto). Un equipo de presión de auga quente modelo UNIVERSE DS 2210T (1 punto). Un camión con pluma e cesta con altura ata 18m metros.(1 punto).

Valórase a proposta como media; atribuíndolle unha puntuación de **3 puntos**.

**b.3.-** Ata 5 puntos Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Melloras propostas en beneficio do servizo: Dúas aspiradora de po e auga, modelos GANSOW 440 de capacidade de depósito de 72 litros, a maiores da exixida no ppt (2 puntos); e unha aspiradora de po modelo GANSOW 103, depósito 72 litros.(1 punto).

Valórase a proposta como media; atribuíndolle unha puntuación de **3 puntos**.

**b.4.-** Ata 5 puntos: Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Unha máquina de inxección/extracción, modelo GANSOW, para superficies téxtiles (1 punto); Unha máquina abrillantadora de chans plásticos modelo BOREMA (1 punto); Unha máquina rotativa para champuneado de moquetas modelo RCM (1 punto); Unha máquina de fregado automático modelo TENNANT T-5 (1 punto). Aporta información das características das diferentes máquinas.

Valórase a proposta como boa; atribuíndolle unha puntuación de **4 puntos**.

**b.5.-** Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: A oferta presenta unha lavadora/secadora no apartado de melloras a maiores da exixida no prego. (1 punto).

Valórase a proposta como baixa;, atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

#### **4.- Limpiezas Faro, S.L.**

##### **a.- Valor técnico da oferta ata 20 puntos.**

**a.1.-** Ata 10 puntos. A o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás esixidas:

Presenta un plan de implantación xenérico cuxas premisas son: respecto do medio ambiente, formación, organización, seguimento do absentismo, restauración de danos, dispoñibilidade de persoal e comunicación co cliente. Neste sentido a proposta é básica, pois ofrece un escaso detalle.

Sobre o plan de traballo e metodoloxía. Establece as frecuencia do servizo non mellorando as establecidas no prego. Presenta no relativo a metodoloxía os procedementos de limpeza e



desinfección comúns para todas as áreas, con unha descrición máis detallada en función das superficies obxecto de limpeza. Describe a técnica operativa segundo os diferentes tipos de pavimentos de xeito pormenorizado. Capacidade de resposta de 45 minutos.

Para limpeza de cristais propón o uso dun sistema de limpeza “osmoglass” consistente no uso e proxección de auga osmotizada sobre a superficie cristalina.

Sobre os medios persoais limítase a detallar os esixidos no prego.

Para o control e supervisión do servizo establece a planificación da realización dunha inspección visual da limpeza mensual, pero sen entrar no detalle dos criterios nos que se baseara esta supervisión, e sen especificar un protocolo de inspección.

Inclúe medidas de DDD, pero non ofrece un detalle pormenorizado do mesmo.

Sobre aforros enerxéticos que se describen na proposta non se aportan elementos suficientes como para ser considerados coma un incremento das prestacións que supoñan unha vantaxe sobre as requiridas nos pregos. Inclúe protocolo de separación residuos.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media, atribuíndolle **6 puntos**.

**a.2.-** Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automatice, facilite e axilice a prestación do servizo:

Enumera a relación de ferramentas a dispoñer para a prestación do servizo, incluíndo fichas con detalle de características, marcas e modelos. A relación proposta é boa. Inclúe maletín de ferramentas.

Sobre os útiles realiza unha descrición na que se inclúe o detalle das características de parte dos mesmos, con informacións de fichas de tipo de balletas e outros. Xunto cunha moi detallada descrición dos produtos a empregar, acompañado de fichas.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como boa, atribuíndolle **4 puntos**.

**a.3.-** Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación:

Deseña un plan de control e supervisión para determinar o alcance da calidade do servizo baseado en medidas de inspección visual, para o que facilita 4 modelos de fichas de recollida de información, e de cada supervisión realizada entregárase un informe. Neste sentido a proposta considerase completa.

Sobre formación propón un programa de accións formativas que comprende a realización de 6 cursos cun total de 240 horas. Xunto a outras catro accións formativas máis complementarias. Neste sentido a proposta considerase boa.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como alta, atribuíndolle **5 puntos**.

**b.- Melloras ata 25 puntos:-**

**b.1.-** Ata 5 puntos. Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: propón unha fregadora industrial de condutor sentado, modelo INNOVA 65B/M detallando as características, para limpeza do pavimento do aparcamento subterráneo. En canto equipamento non supón unha mellora sobre o recollido no apartado 3.4, equipos e medios auxiliares, do PPT; agás na anchura de fregado que aumenta en 12 cm. En canto a disposición dela, non oferta o seu uso permanente, non mellora o PPT (frecuencia trimestral ou segundo necesidades) (0,5 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0,5 puntos**.

**b.2.-** Ata 5 puntos: Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Aporta unha pértega de limpeza que figura coma requisito no PPT, polo que non aporta neste apartado mellora a considerar. (0 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0 puntos**.

**b.3.-** Ata 5 puntos. Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Un aspirador de inxección extracción modelo IPC Mirage super; (1 punto). Un aspirador Taski vento 15. (1 punto). Dúas batedoras Taski jet 38 (2 puntos). Aporta características dos equipos.

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **4 puntos**.



**b.4.-** Ata 5 puntos: Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo Oferta un fregadora modelo COMAC ABILA 50bt; aporta as características do equipo. (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.5.-** Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: A oferta presenta unha mellora sobre o recollido no PPT, oferta a maiores unha lavadora/secadora. (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

## **5.- Xalo Obras e Servizos, S.L.**

### **a.- Valor técnico da oferta ata 20 puntos.**

**a.1.-** Ata 10 puntos. A o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás esixidas:

Sobre o Plan de implantación fai unha descrición básica sobre o mesmo, describindo os medios humanos ( que son os que figuran xa no PPT), e a relación de medios materiais. Acompaña dun plan de DDD ben detallado, coas técnicas, produtos e medios humanos destinados para o mesmo. A capacidade de resposta en días laborais é inmediata; en festivos dúas horas.

A metodoloxía a aplicar figura ben detallada, incluíndo unha descrición por apartados dos elementos, técnicas e medios a empregar. Neste sentido a proposta considerase detallada. Non achega proposta de accións sobre aforro enerxético.

Non achega unha descrición específica sobre funcionalidades superiores ou complementarias.





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Para a supervisión e execución do contrato realizarase en base a recollida de información mediante partes diarios de incidencias, seguimento das mesmas, integrando toda a información nun programa informático no que o Parlamento poderá ter acceso.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media, atribuíndolle **6 puntos**.

**a.2.-** Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automaticamente, facilite e axilice a prestación do servizo:

Presenta unha relación de maquinaria detallada acompañada de características e fichas técnicas de non tódolos equipos. A maquinaria presentada cumpre co prego. Sobre produtos de limpeza fai unha detallada relación dos elementos a empregar, con fichas descritivas. Con relación aos apeiros de limpeza (carros, baetas, gamuzas, etc), a proposta resulta escasa, pois ofrece pouco detalle das súas características. Non aporta caixa de ferramentas, aspecto considerado esixencia no PPT.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media, atribuíndolle **3 puntos**.

**a.3.-** Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación:

O control no desenvolvemento da prestación do servizo indica que se realizará mediante inspeccións visuais por parte do encargado, para detectar “non conformidades”, en combinación co uso da aplicación informática denominada NBS.

A oferta non recolle unha proposta de plan de formación (agás un curso de 4 horas para o manexo do seu programa informático NBS), neste sentido este apartado considerase mala. Presenta un detallado Plan de Avaliación de riscos laborais específico, co establecemento de medidas preventivas.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media, atribuíndolle **2 puntos**.

**b.- Melloras ata 25 puntos:-**

**b.1.-** Ata 5 puntos Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Propón unha fregadora industrial de condutor sentado, modelo INNOVA 85B/M detallando as características, para limpeza do pavimento do



aparcamento subterráneo. En canto equipamento non supón unha mellora sobre o recollido no apartado 3.4, equipos e medios auxiliares, do PPT; agás na anchura de fregado que aumenta en 32 cm. En canto a disposición dela, non oferta o seu uso permanente, non mellora o PPT (frecuencia trimestral ou segundo necesidades) (0,5 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0,5 puntos**.

**b.2.-** Ata 5 puntos. Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Oferta un equipo de limpeza a presión para fachadas modelo SKIDMATE, definindo as características. (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.3.-** Ata 5 puntos. Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

A mellora proposta, referida aos equipos comprendidos por 7 aspiradoras, 2 bateadoras, e 1 aspiradora de po e auga, supón unha sobre prego, e estes equipos valóranse no apartado a.2. Non se outorgan puntos.

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0 puntos**.

**b.4.-** Ata 5 puntos: Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: propón a utilización dun sistema xerador de auga ionizada para súa posterior aplicación na limpeza destas superficies (1 punto).

Valórase a proposta como baixa, atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.5.-** Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):



Os tres equipos ofertados (lavadora centrifugadora Girbau, 1 secadora rotativa, e prancha Girbau) supoñen unha mínima mellora sobre o PPT, polo que se valora este apartado. (0,5 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0,5 puntos**.

## **6.- Onet-Saralia, S.A.**

### **a.- Valor técnico da oferta ata 20 puntos.**

**a.1.-** Ata 10 puntos. A o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás esixidas:

A proposta de plan de implantación figura ben definida no que chaman “plan de apertura”, onde se fixan os campos de actuación, obxectivos, procedementos, etc.

Para a organización do servizo basicamente indica que disporá do que é a estrutura organizativa da empresa como apoio ao desenvolvemento normal da prestación, sen aportar datos directamente relacionados coas necesidades da prestación do servizo e estando maioritariamente referidos á estrutura organizativa da empresa a nivel global. Neste sentido a proposta considérase mala.

Describe a plantilla de traballo, axustándose ao establecido no PPT, e aportando un retén de urxencia cun tempo de resposta que resulta contradictorio, xa que nun apartado indica 1 hora ( páxina 6) e noutro media (38).

Presenta unha enumeración de propósitos ambientais que aplicaría a empresa (relacionado co uso de produtos, de aforros de auga, papel, e outros). En canto as medidas de aforros só introduce unha serie de boas pautas que deberá adoitar o persoal (aproveitar o máximo a luz natural, etc),. Neste sentido a proposta considerase básica.

Indica as actuacións de DDD pero aportando pouca información. Xestión de residuos.

O plan de traballo vén reproducir as actuacións que se describen no prego, sen aportar funcionalidades superiores ou complementarias que resulten destacables. Neste sentido a proposta é baixa.



Fai unha descrición boa sobre a metodoloxía de traballo, explicando procedementos para cada intervención (procedementos limpeza en seco, fregado mecánico, mobiliario, aseos, corredores, etc). Non fai unha descrición do modo no que se actuará sobre as cristaleiras e lucernarios (corredores, fachada), nin das lamas interiores do corredor, nin das vidreiras. A limpeza exterior descríbese no apartado de melloras, pero do manifestado non se deduce que supoña tal, ofertando unha máquina de osmose, que non figura detallada dentro do material.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media, atribuíndolle **5 puntos**.

**a.2.-** Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automaticice, facilite e axilice a prestación do servizo:

Na proposta que se realiza sobre maquinaria non se inclúe un dos equipos exixidos no PPT, concretamente, unha unidade fregadora de condución sentada, ofrecendo coma alternativa unha máquina de pé que describe no apartado de melloras; tampouco inclúe caixa de ferramentas, tratándose doutra exixencia do PPT.

Para o resto de máquinas acompaña descrición con fichas pero non para todas. Sobre os útiles so fai unha mención para o sistema de fregado plano, de baetas, e carros, pero sen aportar información. Sobre os produtos de limpeza acompaña unha relación de produtos, cunha moi breve información das súas características.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como baixa, e non se valora pola ausencia de un equipo esixido nos pregos. Atribuíndolle unha puntuación de **0 puntos**.

**a.3.-** Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación:

Presenta o que denomina “sistema de atención ao cliente”, cun organigrama claro no que se fixa un programa de reunións co cliente, no que se define o que sería a posta en marcha do servizo, as análises do servizo, as inspeccións de calidade coas súas correspondentes visitas de seguimento. Así coma un programa de xestión onde trasladar tódalas incidencias.

Propón 5 cursos para formación do persoal de limpeza, definindo os seus obxectivos e contidos, pero non cuantifica o seu número de horas, sendo unha proposta formativa pouco ambiciosa.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como media, atribuíndolle unha puntuación de **3 puntos**.



**b.- Melloras ata 25 puntos.**

**b.1.-** Ata 5 puntos. Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: presenta unha fregadora de pé, non cumpre o prego,(TENNANT T300), polo que se lle outorga (0 puntos).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0 puntos**.

**b.2.-** Ata 5 puntos. Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: aporta unha plataforma elevadora de 14 metros. (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.3.-** Ata 5 puntos. Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Achega información insuficiente sobre os equipos/útiles ofertados, polo que non permite avaliar se os mesmos supoñen unha mellora sobre o exixido no prego. Non se outorgan puntos.

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0 puntos**.

**b.4.-** Ata 5 puntos: Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: A mellora proposta, unha fregadora TENNANT 300 ou semellante. Valórase esta proposta. (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 puntos**.



## PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**b.5.-** Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: a proposta de limpeza que efectúa queda supeditada a unha subcontrata sen especificar como se realizará, polo que non se valora.

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0 puntos**.

### **7.- Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.**

#### **a.- Valor técnico da oferta ata 20 puntos.**

**a.1.-** Ata 10 puntos. A o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás esixidas:

Fai unha proposta de implantación cun moi bo detalle da planificación, organización das actuacións por cada unha das áreas do edificio, acompañada dunha descritiva da frecuencia e intervención a realizar, diferenciando entre "limpezas programadas (básicas e xerais), específicas, correctivas e/ou urxencia ( cunha disposición as 24 horas), de protección (referida a limpeza sanitaria a aplicar a petición do cliente), especiais (que requiran procedementos e maquinaria concreta). Acompaña dunha descrición do plan, a través dunha organización do servizo mixta (modificando ad hoc a organización dos traballos), e de mixta tarefas/zonas, que permitan un aumento dos rendementos e redución de tempos. Describe o sistema de traballo en base a zonificación por áreas, distinguindo aquelas zonas consideradas críticas (aseos), diáfanas (corredores, vestíbulos, escaleiras, salas prensa, ascensores, etc), zonas administrativas, zonas nobres, bibliotecas e semellantes, e outras (almacéns, etc). Para o control do desenvolvemento das tarefas detalla que os operarios terán as súas fichas de traballo onde figuran as accións que debe realizar e as observacións. Define a frecuencia de horarios, diferenciando as que se axustan as ppt sobre as que se incrementan coma mellora (valorado apartado melloras).

Presenta as instrucións técnicas e metodolóxicas a aplicar, desglosando cun nivel alto de detalle as metodoloxías xerais de limpeza (utilización de microbaietas, aireamento dependencias, xestión papeleiras, barridos e fregados de superficies, tratamento mobiliario e enseres, alfombras, aseos. Incluindo as normas de seguridade que se terán en conta,



PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

referidas a manipulación e manexo de produtos e maquinaria, movementos, riscos e traballos en altura. Así como a metodoloxía e modo de actuar en lucernarios, cristaleiras ( detalla como se empregará pértegas e equipos de augas osmotizada), fregados mecánicos, decapados e encerados, coa descrición no manexo e pase das máquinas. Neste apartado a proposta considerase de nivel alto, entre as mellores presentadas.

Cita as intervencións de DDD conforme ao esixido nos pregos.

Describe as accións que suporán un aforro enerxético sobre a maquinaria (de modo xenérico), o compromiso de produtos de limpeza (“no posible”), e modo de aplicación e uso dos produtos químicos, e optimización de recursos (aforro e consumo de augas, electricidade, etc). Inclúe un protocolo de recollida selectiva de residuos. Neste sentido a proposta resulta básica.

Dentro do subapartado de metodoloxías e funcionalidades superiores oferta unha bolsa de 75 horas para o desenvolvemento de servizos extraordinarios non contemplados nos pregos. Non detalla tempo de resposta a calquera eventualidade como fan moitas das propostas presentadas.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como moi boa, pero inferior a mellor presentada atribuíndolle unha puntuación de **8 puntos**.

**a.2.-** Ata 5 puntos. A relación de ferramentas, útiles e produtos ofertados en función da súa calidade e que automatice, facilite e axilice a prestación do servizo:

Fai unha descrición completa dos medios materiais (maquinaria, útiles, e produtos), dos produtos ofrece información resumida nunha táboa da que non acompaña ficha técnica descritiva con máis detalle. Inclúe máquina de ferramentas. Da maquinaria presenta un cadro detallado no que se describe número de equipos, marca, modelos, e outras características así coma o destino das súas funcións, e acompaña fichas da maioría delas. Sobre os útiles fai o mesmo, cun amplo cadro descritivo por tipo de elemento, dimensións, funcións, e número deles.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como boa; atribuíndolle unha puntuación de **4 puntos**.

**a.3.-** Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación:



A calidade da prestación efectuarase baixo o que denominan “ sistema de control e presenza e tarefas SamyControl”, no que se rexistran dende entradas e saídas dos traballadores, paso polas diferentes zonas, e do que se poden extraer check-list ad hoc dos espazos cubertos, e persoal que o efectúa.O sistema permite visualizar as zonas que foron traballadas e facer consultas. A proposta resulta inferior a outras presentadas.

Propón un plan de formación específica para o persoal, e da que describe 8 accións formativas que suman 132 horas.Neste sentido a proposta é boa.

Valórase o conxunto da proposta neste apartado como boa; atribuíndolle unha puntuación de **4 puntos**.

**b.- Melloras ata 25 puntos:-**

**b.1.-** Ata 5 puntos. Equipo de limpeza para fregado do pavimento do aparcamento subterráneo; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: propón unha fregadora industrial de condutor sentado, marca. COMAC ou semellante sen especificar o modelo, para limpeza do pavimento do aparcamento subterráneo. En canto equipamento supón unha mellora leve sobre o recollido no apartado 3.4, equipos e medios auxiliares, do PPT, pois mellora uns cm. a anchura de fregado (0,5 puntos). En canto a disposición dela, non oferta o seu uso permanente, indicando que incrementará o seu uso en frecuencia ( de trimestral a bimestral), aspecto este valorado no apartado a.1, polo que neste aspecto non se valora coma mellora.

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **0,5 puntos**.

**b.2.-** Ata 5 puntos. Equipos para limpeza exterior de fachadas, marquesiñas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Melloras propostas en beneficio do servizo: Oferta unha hidrolimpadora Kranzle 1152 STS (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.3.-** Ata 5 puntos. Equipos de aspiración para todo tipo de pavimentos, incluído téxtiles; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):





PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Melloras propostas en beneficio do servizo: Ofertan a maiores dúas aspiradoras de po modelo CA 60 ou semellantes. (2 punto). Un aspirador de po e auga modelo COMAC CA100 ou semellante. (1 punto)

Valórase a proposta como media; atribuíndolle unha puntuación de **3 puntos**.

**b.4.-** Ata 5 puntos: Equipo para fregado de pavimentos interiores; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

A oferta dunha fregadora aspiradora modelo Comac Abila, a maiores da recollida no PPT, outorgándose 1 punto.

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.

**b.5.-** Ata 5 puntos. Equipos de lavado, secado e pasar o ferro; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos):

Oferta coma prestación que mellora o PPT neste apartado unha segunda lavadora (1 punto).

Valórase a proposta como baixa; atribuíndolle unha puntuación de **1 punto**.



**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**Cadro comparativo das valoracións das ofertas.**

Achégase cadro coa puntuación total e por apartados obtidas a partir do estudo en detalle de cada unha das propostas.

<b>Empresas</b>	<b>Limpezas Salgado, S.L.</b>	<b>Mantelnor servicios especializados</b>	<b>Eulen,S.A.</b>	<b>Limpezas Faro, S.L.</b>	<b>Xalo Obras e Servicios, S.L.</b>	<b>Onet-Serali, S.A.</b>	<b>Servicios auxiliares de mantenimiento y limpieza, S.L.</b>
<b>a.1 - Plan de implantación.. Ata 10 puntos.</b>	10	4	5	6	6	5	8
<b>a.2 - Relación ferramentas.. Ata 5 puntos.</b>	5	3	3	4	3	0	4
<b>a.3 - Parámetros de calidade.. Ata 5 puntos.</b>	5	1	4	5	2	3	4
<b>b.1 - Equipo fregado parking.. Ata 5 puntos.</b>	2,5	0	0,5	0,5	0,5	0	0,5
<b>b.2 - Equipo limpeza fachadas.. Ata 5 puntos.</b>	5	1	3	0	1	1	1
<b>b.3 -Equipos aspiración.. Ata 5 puntos.</b>	5	4	3	4	0	0	3
<b>b.4 - Equipo pavimentos interiores.. Ata 5 puntos</b>	4	1	4	1	1	1	1
<b>b.5 - Equipo lavado secado.. Ata 5 puntos.</b>	1	1	1	1	0,5	0	1
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>37,5</b>	<b>15</b>	<b>23,5</b>	<b>21,5</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>22,5</b>

O técnico do servizo

Vº e prace  
O xefe do servizo